

Pöckl, Wolfgang / Rainer, Franz / Pöll, Bernhard (2004): *Introducción a la Lingüística Románica*. Madrid: Gredos, Biblioteca Románica Hispánica. III, Manuales. Versión española de Fernando Sánchez Miret sobre a terceira edición alemá (2003¹): *Einführung in die romanische Sprachwissenschaft*, Tübingen: Max Niemeyer Verlag.

Como indica o título do libro, non estamos diante dun detallado e exhaustivo manual de Lingüística Románica ó xeito do Lausberg, do Vidos ou do Iordan/Manoliu. Nos seus obxectivos, metodoloxía e didactismo, a obra de Pöckl, Rainer e Pöll achégase bastante máis ó óptimo *Nuova introduzione alla filologia romanza* de Renzi - especialmente na última redacción, máis resumida - pois pretende trazar un panorama amplo de distintos aspectos das linguas romances e dar unha introdución ós estudos lingüísticos, pensando esencialmente en estudantes que se achegan por vez primeira á Romanística. Baseándose na realidade cotiá de boa parte do alumnado que chega ás facultades de letras europeas e na progresiva atomización dos seus planos de estudos, trátanse os aspectos gramaticais a un nivel moi básico e non se presupoñen coñecementos - nin sequera elementais - de latín ou de máis dunha lingua románica; neste sentido, Sánchez Miret, versionador da obra orixinal alemá, optou por adaptar ó español todos os exemplos do libro e por ofrecer neste idioma toda a bibliografía básica (danse algunhas referencias adicionais noutros idiomas).

O libro consta de trece leccións, concibidas polos autores para seren explicadas ó longo dun cuatrimestre, un obxectivo perfectamente factible, dado o carácter introdutorio do libro. Sen embargo, precisamente este carácter de iniciación permite tamén un emprego nas aulas máis demorado, usando a explicación que aquí se ofrece como unha especie de breviarío que será completado nas aulas ou polos propios alumnos. Cada unha das leccións está dividida en tres apartados: 1. Introducción ós estudos románicos e nocións metodolóxicas para un estudante de Filoloxía. 2. Introducción a distintas disciplinas e ramas da Lingüística. 3. Presentación do proceso de fragmentación das linguas romances e caracterización das mesmas. Todos os apartados contan con cadansúa bibliografía e lista de exercicios; destes últimos non se ofrece a táboa de solucións, nin sequera ós máis concretos, aínda que tampouco o esixe a súa sinxeleza. É particularmente interesante para levar a bo termo o carácter de obra introdutoria o feito de que boa parte dos exercicios esixen para a súa contestación o manexo de bibliografía complementaria: o alumno pode irse familiarizando cos distintos instrumentos ó seu alcance e aprendendo a seleccionar criticamente o contido.

¹ A primeira edición remonta a 1990, da man de Pöckl e Rainer; a segunda edición é de 1994 e só incorpora correccións gráficas. Á terceira edición incorpórase B. Pöll como coautor; é unha versión reelaborada, pero mantendo a estrutura xeral da obra orixinal.

No que respecta ó primeiro apartado, hai que destacar a necesaria innovación que supón a introdución nun manual de estudos lingüísticos dunha abondosa cantidade de contidos metodolóxicos. Ó longo das páxinas desta obra vaise formando o estudante en aspectos como: tipos de publicacións científicas, técnicas de busca de bibliografía (convencional e electrónica), como preparar un traballo, a formulación correcta dunha definición ou a lingüística de corpus. Todos estes contidos son esenciais para a formación do alumno, pero paradoxalmente están ausentes case por completo dos planos de estudo e ou é o estudante quen ten que irse formando de xeito autodidacta neses temas ou hai algún docente que dedica voluntariamente parte do tempo da súa materia a traballar estes aspectos. Sería óptimo que no proceso de reforma dos estudos filolóxicos que estamos a vivir actualmente se garantise a presenza dunha materia de “introdución ós estudos filolóxicos” ou, en último caso, houberse materias de “introdución ós estudos románicos, xermánicos, ingleses,...” nas que se tratasen estes temas.

No segundo apartado trátanse os seguintes contidos: Fonética, o cambio lingüístico, etimoloxía e historia das palabras, xeografía lingüística, semiótica, fonoloxía, ortografía, morfoloxía, sintaxe, semántica, pragmática, lingüística textual ou adquisición dunha segunda lingua. É un repaso ben completo ó panorama da disciplina da Lingüística, da que se dan tamén unhas breves notas epistemolóxicas. Postos a buscarlle algunha tacha, seguramente non estaba de máis un apartado consagrado á Sociolingüística e á Planificación, coñecementos de indubidable importancia na Romania; é certo que nos comentarios que se fan a cada idioma hai algunhas consideracións, pero quedan algo dispersas e inconexas no conxunto da obra (fálase de *Asbau* a respecto do retorromance, de *code-switching* ó tratar da francofonía,...)

O terceiro apartado dedícase (agás nas dúas primeiras leccións, onde se fala da fragmentación do latín e do nacemento das linguas romances) ó comentario particularizado de diferentes variedades románicas. A estrutura en detalle depende do idioma en cuestión, tratándose aspectos como a historia externa, a división dialectal ou as principais notas lingüísticas definitorias. O que si teñen en común todos os apartados é que se presenta un texto, transcrito graficamente, con tradución interlineal palabra por palabra ó español nalgúns casos e con notación fonética (agás o latín), seguindo as convencións do IPA. O texto escollido é o mesmo en todas as linguas, e non se esconde o valor simbólico, é o mito da Torre de Babel (Xénese, 11, 1-9); sobre este texto céntrase boa parte dos exercicios deste bloque, case sempre tentando que os lectores, a partir da análise de determinadas palabras, descubran algunhas características xerais da lingua.

As linguas escollidas para o comentario son: latín, romanés, italiano, sardo, retorromance, francés, occitano, catalán, castelán, portugués e galego (ofrécese un texto para cada lingua; hai que aclarar que o texto en galego non está na versión alemá da obra, senón que é engadido de Sánchez Miret) e papiamento (como representante das linguas crioulas). É mágoa que non todos (só latín, portugués, retorromance, romanés e sardo) teñan unha glosa interlineal.

Outro acerto moi positivo deste manual é que non se limita á europeidade destas linguas, senón que presta unha moi especial atención á Romania Nova, como se pode ver, por exemplo, no caso do texto portugués, que se nota segundo a pronuncia portuguesa e segundo a brasileira. Outra sorpresa agradable é ver, en pé de igualdade coas outras linguas, un crioulo de base romance, posto que estas variedades non teñen demasiado éxito nos estudos romanísticos. A modo de suxerencia, estaría ben comentar un dialecto itálico calquera; tamén se podería introducir algún texto medieval, que serviría para comparar coa lingua actual, introducir e exemplificar a noción de cambio diacrónico... Como detalle menor, hai que dicir que non estaría de máis, no texto latino, facer fincapé nas dificultades de interpretación fonética que suporía, etc.

Polo que respecta ós contidos propiamente romanísticos (desde un punto de vista de conxunto) tratados, a valoración é satisfactoria, aínda que é verdade que en canto a presenza están moi por debaixo dos temas dedicados á lingüística ou do debuxo individualizado de cada lingua. Basicamente trátase: o proceso de fragmentación do latín, a división en zonas da Romania, as orixes da Romanística e o renacemento carolinxio e a aparición dos primeiros textos romances, ademais dalgunhas pinceladas de xeografía lingüística románica. É certo que este é un libro introdutorio e que non poucas cousas das que se comentan para unha lingua concreta son logo ben aplicadas ás outras, pero, dado o título, estaría ben que ofrecese máis información sobre o noso ámbito: máis información (especialmente no aspecto morfolóxico e sintáctico) sobre o proceso de cambio do latín ás linguas vulgares, nocións sobre os principais trazos comúns das variedades románicas, a contextualización do latín (e os seus descendentes) no panorama lingüístico europeo...

A modo de conclusión, quixera volver incidir no enorme didactismo deste libro. É ben claro que – especialmente en obras desta finalidade - non é mellor o manual que dá moitos datos, senón o que sabe explicar os que ofrece, e neste sentido o manual de Pöckl, Rainer e Pöll cumpre sobradamente as expectativas. Grazas ós bos oficios dos autores e do versionador da obra, Fernando Sánchez Miret, préstase tamén boa atención a unha realidade que xa é destacado presente nos estudos romanísticos e que cada vez máis será o futuro: Internet e as novas tecnoloxías. En resumo, un libro totalmente recomendable, sexa para o profano que queira ter unha visión de conxunto, accesible pero rigorosa, da nosa disciplina, ou sexa para o estudante que se achega por vez primeira á Romanística, que sairá da lectura deste libro con auga na boca polos gorentosos contidos que presenta diante del.

Para finalizar lembrando (e reivindicando!) a utilidade da Romanística nestes tempos de progresivo desmantelamento destes estudos nas facultades do Estado español, en favor dunha mal entendida especialización e parcelización do ámbito filolóxico, quixera reproducir unha anécdota que se conta no libro (p. 14): Un viaxeiro medieval pasa por unha canteira e pregúntalle a un obreiro: *Que fas?*. Este responde: *estou traballando esta pedra para que*

*encaixe con estoutra. Máis adiante, o mesmo viaxeiro fai a mesma pregunta a outro traballador; a resposta, orgullosa, é *estou construindo unha catedral.**

(Xosé Afonso Álvarez Pérez)